

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de outubro deste ano, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Primeiro Tenente de Alcalde, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ ata o punto número 11/763 da orde do día e a continuación pasa a presidila o Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funciónsda Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e urgente, ordinaria e extraordinaria da da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 15, 16 e 17 de outubro de 2013, respectivamente.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz 229, polígono 502, sita no núcleo rural tradicional de Cristimil+Riazón, Parroquia de Ombreiro; para a construción dunha vivenda unifamiliar illada que se vai situar na rúa Piñeiral Grande, número 16, no solo clasificado no pxom como urbanizable delimitado con planeamento incorporado, Louzaneta Sur B, UZPI-3R, Polígono 2, parcela 13; para a renovación da cuberta no edificio de vivendas para o mantemento e a súa conservación sito en solo urbano, na ronda da Muralla, número 193, esquina Bispo Aguirre; para cambio de cuberta en vivenda unifamiliar tradicional para mantemento e conservación do uso existente situada no núcleo rural 17.2 Fazai-A Viña, número 30, Parroquia de Carballido; para rehabilitación de edificio de planta baixa para local, dúas plantas altas e planta baixo cuberta para dúas vivendas, sito na rúa Nova, número 133; para a construción de vivenda unifamiliar no solo clasificado como núcleo rural 8.1. Bazar-Tuíxe, número 4, Parroquia de Bazar; para conservación de fachadas, consolidación estrutural e restauración de fachada no edificio sito na rúa Nova, número 22, e praza da Soidade, número 14; para obras descritas como modificación da licenza número 824/11, consistente no axuste do proxecto aos límites da parcela e da edificación anteriormente existente, ampliación da planta baixa reducindo o soportal, demolición da obra excedida na zona do antigo forno para a súa adaptación á licenza anterior, estando a edición situada en solo clasificado no pxom como núcleo rural número 39.3 Nadela-Seoane-Airexe-Pena, número 14, Parroquia de Pena e para a reforma interior de local de planta baixa e

Código Seguro de verificación:F3q1H2B6PZMuCyYYRp3f9A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Ana María González Abelleira - TA Delegada Benestar Social	FECHA	28/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3
 F3q1H2B6PZMuCyYYRp3f9A==			

soto para venda polo miúdo de prendas de vestir, no edificio sito na rúa da Rraña, números 17 e 19.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para servizos extraordinarios para realizar polo persoal adscrito ao Servizo de Persoal e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda o recoñecemento de servizos extraordinarios da traballadora adscrita ao Servizo de Drogodependencias e a aprobación da forma de compensación.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a resolución das alegacións formuladas polo contratista na resolución de expediente de incautación de garantía por incumprimento da obriga contractual de monetarización do 2% do imposto do valor engadido na contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado á Policía Local e Protección Civil.


Acórdase o alleamento por venda directa de parcela sobrante, sita na parte posterior da edificación grafada co número 48 da avenida de Carlos Azcárraga, con fronte á rúa Portiño pola súa fachada posterior.

Así mesmo, acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e a aprobación do proxecto dun edificio destinado a novas tecnoloxías na praza Anxo Fernández Gómez - fase 1 e fase 2 na contratación das obras de edificio destinado a novas tecnoloxías na praza Anxo Fernández Gómez - fase 1 (obra de demolición de edificio en praza Anxo Fernández Gómez número 2 e número 4, escavación con control arqueolóxico, consolidación de muros perimetrais). Esta actuación está incluída no proxecto urban (iniciativa urbana) que conta co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) proxecto 13UR1101 urban- edificio novas tecnoloxía se a apertura do procedemento de adxudicación.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza de obras solicitada para unha construción de tipo galpón en Castelo-Cerracín-Cacabelos, Parroquia de Mazoi.

Código Seguro de verificación:F3q1H2B6PZMuCyYYRp3f9A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Ana María González Abelleira - TA Delegada Benestar Social	FECHA	28/10/2013	
ID. FIRMA	afirma.pro	F3q1H2B6PZMuCyYYRp3f9A==	PÁGINA	2/3

  
F3q1H2B6PZMuCyYYRp3f9A==

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de modificacións de aparcadoiro de uso público na rúa Ánxel fole, 11.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de ampliación de semisoto en vivenda unifamiliar existente sita na parcela 193, polígono 110, no lugar de Torrón, Fontao - Esperante.

### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

**5. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a aprobación da subrogación no contrato de alugamento asinado o 01/09/2010, sobre a vivenda sita na rúa Mariña Española, 17, 1º Lugo.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguinte acordos:**

- Expediente de modificación orzamentaria: crédito extraordinario número 3/2013.-
- Contratación da obra de rrehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo. Centro social e cultural antigo cárcere – fase 1.” actuación incluída no proxecto Urban (iniciativa urbana) co 70% de cofinanciación da Unión Europea a traveso do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) (Proxecto 09UR2201 urban centro social e cultural antigo cárcere). Paralización da obra.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, Ana María González Abelleira.**

Código Seguro de verificación:F3q1H2B6PZMuCyYYRp3f9A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Ana María González Abelleira - TA Delegada Benestar Social	FECHA	28/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	F3q1H2B6PZMuCyYYRp3f9A==	PÁGINA 3/3

